



RESOLUCIÓN DO 16 DE XUÑO DE 2022, DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE CONVOCA PROBA DE CARÁCTER TEÓRICO-PRÁCTICO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE TÉCNICO ESPECIALISTA EN SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN, MEDIANTE VÍNCULO DE INTERINIDADE EN PRAZA VACANTE

De conformidade co establecido no criterio de selección II.3.5 do Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal do Sistema Público de Saúde de Galicia (DOG nº 123, do 30 de xuño de 2016), en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 134/2019, do 10 de outubro (DOG nº 204, do 25 de outubro), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia, así como na Orde do 22 de abril de 2020 (DOG nº 82, do 29 de abril), de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, modificada por Orde do 5 de maio de 2020 (DOG nº 103, do 29 de maio), e por Orde do 13 de maio de 2022 (DOG nº 102, do 30 de maio), esta Xerencia

RESOLVE:

Convocar proba de carácter teórico-práctico para a cobertura de postos de Técnico Especialista en Sistemas e Tecnoloxías da Información.

O proceso de selección realizarase de conformidade coas seguintes

BASES:

1. Obxecto da convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é a realización dunha proba de carácter teórico-práctico que garanta a idoneidade dos/as profesionais seleccionados/as para o desempeño de postos de traballo da categoría de Técnico Especialista en Sistemas e Tecnoloxías da Información.

Ofértanse dous nomeamentos de interinidade en praza vacante no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

2. Funcións dos postos de traballo

A necesidade de realización da proba xustifícase na especialización dos postos de traballo e a necesidade de realización das funcións seguintes:

- Implantación de aplicacións:



- Integración cos demais sistemas de información en explotación e cambios organizativos derivados
- Realización das accións precisas para a instalación das novas aplicacións
- Formación extraordinaria a usuarios como parte do proceso de implantación

- Mantemento e desenvolvemento de aplicacións:
 - Control de versións e instalación de revisións
 - Rexistro das peticións de usuarios de novas funcionalidades nas aplicacións corporativas
 - Desenvolvemento de novas funcionalidades nas aplicacións propias
 - Definición de listados e explotacións de datos

- Soporte a usuarios de segundo nivel:
 - Consultas técnicas e funcionais no uso das aplicacións
 - Actualización e regularización de datos non contempladas por aplicación
 - Configuración e definición de perfís de acceso dos diferentes profesionais

- Mellora dos sistemas de información:
 - Desenvolvemento das integracións entre os distintos sistemas de información

- Control de calidade e seguridade informática:
 - Control de calidade dos datos rexistrados tanto a nivel de integridade de datos como dun correcto uso das aplicacións.

3. Aspirantes:

Terán a condición de aspirantes os/as interesados que figuren inscritos/as nas listaxes da categoría de Técnico/a Especialista en Sistemas e Tecnoloxías da Información, confeccionadas ao abeiro do establecido na Resolución do 13 de xuño de 2016, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se dispón a publicación do pacto suscrito pola Administración sanitaria coas centrais sindicais CIG, CESM-O'MEGA,





CC.OO., UGT e CSIF, sobre selección de persoal estatutario temporal do Sistema público de saúde de Galicia (DOG nº 123, do 30 de xuño de 2016).

Estarán exentos/as da realización da proba teórico-práctica aqueles/as aspirantes que tivesen superado, con ocasión dun anterior nomeamento temporal para a realización de funcións das mesmas características no Servizo Galego de Saúde, o período de proba contemplado no artigo 33.2 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

Realizarase un primeiro chamamento que incluírá a todos/as os/as aspirantes dispoñibles, na data de publicación da presente convocatoria, na quenda de promoción interna e aos/ás 10 primeiros dispoñibles na quenda de acceso libre, sempre que, nun ou outro caso, teñan indicado na súa inscrición en listas como área preferente a da Coruña e Cee.

4. Notificación aos/ás aspirantes:

Dacordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a realización da proba obxecto da presente resolución será notificada aos/ás aspirantes. Para estes efectos remitirase a devandita notificación por medios electrónicos (Notifica.gal), con indicación da data e lugar de celebración da proba e hora á que son convocados/as, así como do contido da mesma.

Entenderase que desisten da súa vontade de participar aqueles/as aspirantes que non se presenten a realizar a proba no lugar, día e hora sinalados.

5. Contido da proba:

A proba consistirá na realización dun cuestionario tipo test, dividido en 4 bloques de 10 preguntas cada un, relacionadas coas funcións do posto a desenvolver.

Cada pregunta contará con catro respostas alternativas. Haberá catro preguntas de reserva. A puntuación por cada resposta correcta será de 1 punto. Cada resposta incorrecta será penalizada con 0,5 puntos.

A cualificación da proba será de "apto" ou "non apto". Para ser considerados aptos/as, os/as aspirantes deberán acadar unha puntuación mínima de 6 puntos en cada bloque.

O tempo máximo para a realización da proba será de 120 minutos.

Rematada a proba entregaráselles aos/ás aspirantes a plantilla coas respostas correctas, así como unha copia da súa folla de respostas.





A relación provisional de aspirantes aptos/as e non aptos/as farase pública no prazo de cinco días hábiles seguintes ao da realización da proba, na páxina web do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Espazo do Profesional, abríndose un prazo de cinco días hábiles para a presentación, no seu caso, de impugnacións ás preguntas e reclamacións ás puntuacións acadadas.

Transcorrido o devandito prazo, e tras a análise das impugnacións e reclamacións recibidas, publicarase a relación definitiva de aspirantes aptos/as e non aptos/as, entendéndose implicitamente admitidas ou rexeitadas as impugnacións e reclamacións presentadas, por medio da listaxe definitiva.

6. Comisión de avaliación:

Para os efectos da cualificación da proba como apto/a ou non apto/a, constituirase unha comisión de avaliación, cuxas funcións serán:

- Fixación das preguntas a realizar
- Corrección da proba realizada polos/as aspirantes
- Publicación das listaxes de aptos/as e non aptos/as
- Resolución das impugnacións e das reclamacións ás puntuacións acadadas
- Elevar á Xerencia a relación definitiva de aptos/as e non aptos/as

A composición da Comisión de Avaliación será a seguinte:

Presidente: José Guillermo Vázquez González (Subdirector de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Área Sanitaria da Coruña e Cee)

Vogais: Daniel Llamas Gómez (Xefe de Servizo da Subdirección de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Área Sanitaria da Coruña e Cee)

Dolores Elisa Rimada Mora (Xefa de Sección da Subdirección de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Área Sanitaria da Coruña e Cee)

Secretario: Javier Fernández Nistal (Director de Recursos Humanos da Área Sanitaria da Coruña e Cee)



7. Data e lugar e hora de celebración da proba:

A proba terá lugar na Aula 1 de Docencia do CHUAC, sita no 4º andar do Hospital Universitario da Coruña, o día 4 de xullo de 2022, ás 12:00 horas.

Os/as aspirantes serán citados/as mediante chamamento único inmediatamente antes do comezo da proba, debendo identificarse co documento nacional de identidade ou pasaporte.

8. Nomeamentos:

De conformidade co disposto no pacto de selección de persoal estatutario temporal, a proba de aptitude terá unicamente a cualificación de apto/a ou non apto/a. Os chamamentos serán realizados en favor dos/as aspirantes cualificados como apto/a, ou exentos/as da realización da proba, de conformidade co establecido na base 3, que acrediten maior puntuación nas listaxes de vinculacións temporais elaboradas ao abeiro do citado pacto, e do xeito que nel se establece, segundo corresponda a quenda libre ou promoción interna.

Conta a presente resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

A Coruña, 16 de xuño de 2022
Área Sanitaria da Coruña
e Cee
ERENCIA

Asdo.: Luis Verde Remeseiro

Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

